



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A
FEDERACIÓN DE ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE GALICIA “FARGA” PARA O
DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, INFORMACIÓN,
ASESORAMENTO E APOIO A PACIENTES E FAMILIARES COIDADORES**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Federación de Alcohólicos Rehabilitados de Galicia (FARGA) o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31.12.2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización, por parte de “FARGA”, das seguintes actividades:

- A formación continuada dos profesionais técnicos asistenciais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran “FARGA”.
- A difusión e sensibilización da poboación xeral respecto dos problemas asociados ao consumo de alcohol.
- A información, orientación, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/coidadores.
- A participación naquelas actividades formativas que no seu ámbito do alcoholismo se desenvolvan por parte do Servizo Galego de Saúde, participando da elaboración do Plan Anual de Formación que se deseñe (segundo o previsto no Plan de Trastornos Aditivos da comunidade autónoma), tanto informando das necesidades detectadas no seu ámbito de actuación como na elaboración dos programas e desenvolvemento das actividades formativas.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral destes pacientes coordinando as actuacións realizadas.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade





Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

O Plan Estratéxico de Saúde Mental e o Plan de Trastornos Aditivos recollen entre os seus programas especiais a atención a problemas relacionados co consumo prexudicial de alcohol, así como programas de colaboración para realizar programas de formación e asesoramento técnico no ámbito da saúde mental.

Entre os obxectivos de “FARGA”, en canto federación que agrupa diversas asociacións de alcohólicos e ex-alcohólicos da Comunidade Autónoma de Galicia dedicadas á atención aos problemas derivados do consumo prexudicial de alcohol, se atopan aqueles que teñen como finalidade a información e difusión da enfermidade e o establecemento de canles comúns para dar formación e apoio aos profesionais e colaboradores.

Ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar unha mellor atención aos problemas derivados do consumo prexudicial de alcohol, a través de actividades de formación, información, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/ coidadores.

A Federación de alcohólicos rehabilitados de Galicia (FARGA), cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

